

**ECONOMÍA PÚBLICA REXIONAL E LOCAL.
ACTAS DO 1º ENCONTRO IBÉRICO APDR-AECR**

VV.AA.

(Colección APDR)

Coimbra: Associação Portuguesa para o Desenvolvimento Regional. 2000

[324 páxinas]

Recibido: 4 xullo 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

Esta publicación recolle os traballos do *I Encontro Ibérico de Finanzas Rexionais e Locais*, que tivo lugar en O Porto en novembro de 1999, no que se considera a problemática da economía pública local e rexional de España e de Portugal. Mentres que os traballos portugueses se centran basicamente nos gobernos locais, as achegas dos autores españois examinan máis a fondo a problemática rexional, organizándose en seis capítulos en función da súa proximidade temática.

O primeiro deles estudia a distribución financeira entre o goberno central e as entidades locais. No artigo de João Paulo Barbosa expóñense as máis recentes modificacións da Lei de finanzas locais portuguesa e unha avaliación dos seus efectos nos distintos municipios, distinguindo cáles foron os gañadores e cáles os perdedores.

No segundo traballo, José da Silva Costa e Mário Rui Silva analizan para os municipios do norte de Portugal o efecto que as transferencias intergubernamentais producen no esforzo fiscal, chegando á conclusión de que esta influencia é negativa.

O segundo capítulo recolle os traballos de José A. Oliveira Rocha e João Pacheco de Amorín, que versan sobre os gobernos locais e as distintas modalidades que estes adoptan. O primeiro expón cómo os municipios portugueses non distinguen entre a política e a administración, de tal forma que a cámara municipal se converte nunha unidade político-administrativa, onde nunca existiu a *city manager*, a quen lle correspondería leva-la administración local en función dos mandatos da *city council*. O autor defende que debe desaparecer a uniformación dos modelos organizativos e que estes deberán de adaptarse ás condicións específicas de cada autarquía. João Pacheco de Amorín, pola súa parte, analiza a natureza e o réxime xurídico das empresas municipais ou de ámbito municipal.

No terceiro capítulo inclúense traballos que tratan o tema da eficiencia dos gobernos rexionais e locais. Así, o artigo de Paulo Trigo Pereira chega á conclusión de que a descentralización do sector público diminúe a ineficiencia-X; é dicir, que o grao de correlación entre a riqueza das nacións e a descentralización do sector público resultaría positivo.

Pola súa parte, o artigo de Miguel Roig-Alonso móstranos a través de distintos indicadores aplicados a países da UE cómo a eficiencia na asignación de recursos entre o sector público e o privado implica que os beneficios e os custos sexan visibles para os contribuíntes.

Finalmente, Joaquim Marques Osório e José da Silva Costa estudian en qué medida as transferencias intergubernamentais portuguesas diminúen a eficiencia dos municipios. Para iso elaboran un índice custo-eficiencia, pero os datos empíricos dispoñibles non lles permiten chegar a observa-la devandita influencia negativa das transferencias intergubernamentais.

Os distintos traballos que integran o capítulo cuarto analizan o proceso e os factores determinantes da toma de decisións no ámbito local. Por un lado, Ana Bela Santos Bravo, logo de expoñe-las hipóteses teóricas explicativas das decisións orzamentarias das entidades locais e aplicalas ó caso portugués, desenvolve como alternativa o modelo do “axente” e do “principal” no ámbito local. Así mesmo, José Manuel Neves Cruz describe ata qué punto inflúen o elector medio e os grupos de interese na toma de decisións no ámbito municipal. O resultado do seu estudio móstranos que, aínda que a influencia do votante medio é importante, non debemos esquecernos da función dos grupos de interese.

No capítulo quinto desenvólvese o tema do financiamento autonómico en España. Consta de catro traballos, o primeiro dos cales, a cargo de Alfonso Utrilla de la Hoz, contén unha análise do sistema de financiamento das CC.AA. en España, fixándose particularmente no tema das tan manidas asignacións de nivelación que nunca chegarán a aplicarse.

En segundo lugar, o artigo de Núria Bosch e de Maite Vilalta dedícase ó estudio dos problemas que ten o actual sistema de financiamento dos gobernos intermedios españois, concluíndo que é necesario reformalo e ofrecendo para iso un modelo alternativo. Pola súa parte, José Sánchez Maldonado, Salvador Gómez Sala e Pedro Avellaneda Bertelli analizan o papel que poderían te-los impostos sobre o consumo nese futuro sistema de financiamento autonómico.

Luis Caramés Viéitez e Santiago Lago Peñas, á súa vez, analizan a política de endebedamento da Xunta de Galicia, a súa dinámica e a súa sostibilidade desde o ano 1982 ata o 1999.

No sexto e último capítulo desta publicación inclúense aqueles traballos que cuantifican o impacto do financiamento das CC.AA. na distribución interrexional ou interpersoal de rendementos. Así, Luis Caramés Viéitez e Santiago Lago Peñas móstranno-las consideracións metodolóxicas básicas en relación coa estimación dos saldos fiscais rexionais; e Manuel Jaén e Agustín Molina expoñen en qué medida o gasto público realizado pola Comunidade Autónoma de Andalucía tende a redistribuí-la renda e a diminuí-las desigualdades entre os distintos estratos da poboación.

Se facemos unha lectura conxunta de tódolos traballos recollidos neste libro podemos dicir que é un documento útil, xa que, aínda que o tratamento de moitos dos temas afrontados non é exhaustivo, contén un importante conxunto de suxestións sobre cuestións de economía pública local e rexional. Ademais, a linguaxe utilizada

é directa e clara e as fontes estatísticas proceden de institucións públicas e académicas. A solvencia dos autores e autoras, por outra banda, garante a seriedade dos xuízos vertidos nos distintos traballos que forman o libro.

MARÍA CADAVAL SAMPEDRO
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela